

RESOLUCIÓN do 9 de febreiro de 2009, DA XERENCIA XERAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, POLA QUE SE CONVOCA PROCEDIMENTO DE ACOPLAMENTO INTERNO PARA O PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS

En data 30 de setembro de 2004 asináronse por parte da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario e os representantes do persoal presentes na Comisión de Centro, as Bases que han de rexer as convocatorias de procedementos de acoplamento interno para persoal sanitario e non sanitario da citada institución.

Na súa cláusula novena prevese unha periodicidade anual na convocatoria dos procedementos de axuste interno do persoal, establecendo o artigo 1 do Procedemento, que figura Anexo ás mentadas bases, os prazos de desenvolvemento dos mesmos.

Ao abeiro do exposto e xa que logo a última convocatoria de acoplamento interno para persoal de xestión e servizos é de data 23 de febreiro de 2005, a Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, co acordo da Comisión de Centro da área de atención especializada de Santiago e o Comité de Empresa dos Hospitais Médico Cirúrxico e Psiquiátrico de Conxo, acadado en xuntanza do 6 de febreiro de 2009, e con base nas facultades de ordenación do persoal que lle confiren o artigo 2 do *Decreto 178/1994, do 16 de xuño (D.O.G nº 118, do 21.06.1994), de estrutura organizativa do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela*, segundo a modificación efectuada polo Decreto 57/2000 así como *Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde,*

R E S O L V E

CONVOCAR concurso interno de acoplamento para o persoal de xestión e servizos deste complexo hospitalario, así como aprobar as Bases (Anexo I), o modelo de solicitude de participación (Anexo II) e baremo de méritos (Anexo III), que rexerán na presente convocatoria.

As prazas ofertadas son as que se relacionan no Anexo IV.

No procedemento que se convoca resultan de aplicación as bases reitoras que se aproban pola presente Resolución, así como as normas xerais de procedemento contidas na *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común*, as específicas de provisión de prazas de persoal estatutario contidas na *Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde (B.O.E de 17 de decembro de 2003)*, no *Decreto 206/2005, do 22 de xullo (D.O.G nº 145, do 29 de xullo) polo que se regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde* e demais normativa de pertinente aplicación.

Contra a presente Resolución, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo de UN MES, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 114 e 115 da *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común*, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2009.
O XERENTE XERAL

Jesús CARAMÉS BOUZÁN

DILIXENCIA

Para facer constar que o día 9 de febreiro de 2009, publícase a presente convocatoria nos taboleiros de anuncios dos Centros dependentes do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.
A Directora de Recursos Humanos e Relacións Laborais

Mercedes CASTRO SEIJAS